

O betanceiro Hotel Comercio

Noticia dun hoteliño en tempos de escaso tránsito

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Neste artigo fálase do desaparecido Hotel Comercio de Betanzos, no que se hospedaron ilustres viaxeiros como a fotógrafa e antropóloga norteamericana Ruth Matilda Anderson e o escritor arxentino Roberto Arlt, entre outros; así como dos seus propietarios, e analízase a vida local a través da prensa durante un mes do ano 1911 no que o hotel non tivo moitos clientes.

Abstract

This article is about the former Hotel Comercio of Betanzos, whose guests included famous travellers such as the north American photographer and anthropologist Ruth Matilda Anderson, and the Argentinian writer Roberto Arlt, among others; and about its owners. Local life is analysed through the newspapers during one month of the year 1911, in which the hotel had few clients.


O nome do desaparecido Hotel Comercio éme familiar de velo anunciado nas páxinas de vellas publicacións betanceiras, á par doutros establecementos hosteleiros, fondas ou pensións, como La Coruñesa, o “Hospedaje” de Manuel Turrau, La Confianza de Ángel Fernández, La Universal de Laureano Andrade, ou o hostel Barreiro que mantivo o nome ata os días de hoxe; nun tempo en que, en vez de turistas, había viaxantes, viaxeiros e transeúntes, e a súa chegada era toda unha novidade coa conseguinte curiosidade dos ociosos, nunha vila tranquila na que non ocorrían grandes sucesos.

Co nome de Hotel Comercio houbo dous establecementos: Un na Porta da Vila, ao comezo da Rúa Nova, na casa de Etcheverría, rexentado por un tal Mariano Buguerin, que se anunciaba con foto en 1903 e antepoñendo o adxectivo Gran. O outro na “Plaza de Arines fronte a las sociedades de recreo” —é dicir, no Campo, fronte ao Liceo e adosado ao exconvento dominico— de Juan López y López, que era tamén almacén de viños. Este é ao que nos referimos, H. Comercio a secas, aínda que a burocracia municipal o englobase baixo o termo de “Casa de pupilos”, que hoxe pode soar a despectivo. Nos nosos días, o edificio consérvase exteriormente cáseque tal cal no esencial, coa espaciosa e fermosa galería en curva no segundo andar.

De primeiras chamouse durante un tempo La Central hospedaje, recién construído o edificio polo seu dono en 1901, estreando o século XX. Mais unha crítica nun periódico local, aconsellándolle a inserción dunha coma ou guión entre Central e hospedaje (así de tiquis miquis eran algúns xornalistas que non tiñan moito de que falar), motivou que desaparecera esta última palabra. Por certo, o nome de La Central volvería recuperalo na súa derradeira etapa.

Polo 1922 o H. Comercio (fonda en realidade, xa que o H. encobría o concepto de hostel ou hospedaxe máis que o de hotel) anunciábase na revista *Rexurdimento* dos nacionalistas betanceiros, en galego, claro: “É a millor, máis céntrica i-económeca da cidade. Visítana os señores viaxeiros e convenceráanse.” Do de céntrica non cabía dúbida. Situada na mesma

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia.



Anuncio de «La Central» no programa das Festas de S. Roque de 1902.

Praza do Campo —daquela chamada oficialmente de Arines, en vísperas de ser nomeada dos Irmáns García Naveira— alí paraban os escasos taxis ou autos de punto e os coches de cabalos que ían e viñan á estación da Infesta. O propio H. Comercio tiña un coche con tres cabalerías para transportar os viaxeiros da estación ao hotel e viciversa. O rexente nese momento é Ramón G. Pernas, quen se anuncia como “sucesor de Johan Lopes”, quizais por ser recente aínda o cambio de titularidade ou por ser máis coñecido o nome deste que o daquel. Ramón García Pernas, tal era o seu nome completo, nacera en Lugo. Casara coa filla do fondista e remataría facéndose cargo do negocio dos sogros, cos que convivían. Quizais se trate do mesmo Ramón García Pernas que era concelleiro pouco despois co alcalde Emilio Romay, durante a Dictadura de Primo de Rivera. Un home dos de “orde”, vaia.

A famosa fotógrafa e antropóloga norteamericana Ruth Matilda Anderson de viaxe por Galiza entre 1924 e 1926, enviada pola Hispanic Society of América, parou en Betanzos facendo pousada precisamente neste hotel. Mesmo fixo unha fotografía da familia propietaria xantando, foto que tiven ocasión de ver na magnífica exposición de fotos da Galiza da señorita Anderson que se celebrou no Museo coruñés de Belas Artes no 1999 e que tamén aparece no estupendo libro-catálogo da mostra. Antóllaseme un evocador documento gráfico da vida lánquida dun modesto hoteliño e dunha pequena e tranquila vila. O propietario e a que semella a súa dona, vellos petrucios (polo que debe tratarse de Juan López e a súa esposa, que a filla e xenro serían máis novos), acompañados dunha neniña, quizais neta, dispóñense a comezar o que promete ser un espléndido xantar (tres pratos coroados por outro fondo) servido por unha criada mentres un gato ou canciño agarda polas sobras baixo da mesa. Ninguén olla para a cámara e o ambiente é de intimidade coa luz a fíltrarse a través das cortinas coas iniciais do establecemento bordadas.



GRAN H. DEL COMERCIO
— DE —
MARIANO BUGUERIN
PUERTA DE LA VILLA
BETANZOS
—◇—

Mueblaje nuevo.—Cocina francesa y española.—Gran confort, coche a la estación, centro y reunión de los Señores viajeros.—Luz eléctrica.—Servicio de coches para viajes y paseo.—On parle français.

Los días 15, 16 y 17 de Agosto se servirán cuatro cenas desde las siete a las once de la noche: la primera a las siete, la segunda a las ocho, la tercera a las nueve y la cuarta a las diez, durante cada una de estas no se servirá ninguna ni se permitirá la entrada al público en el comedor. Después de las diez el precio de cada cena, será extraordinario.
Se facilitan meriendas para los Caneiros.

O «Hotel del Comercio» da Rúa Nova. Programa de Festas de S. Roque de 1903.

Por certo, na exposición e libro que a recolle apenas hai outras fotos de Betanzos, só unha da feira e a dun gaiteiro que non coñecemos. Claro que esta é unha pequena mostra dos varios miles de fotografías que a moza americana fixo en Galicia. É de supor que en Betanzos fixera algunhas máis.

Nesta céntrica fonda tamén pararía o famoso escritor arxentino Roberto Arlt durante as festas de San Roque de 1935, dende onde enviou ao diario bonaerense *El Mundo* unha serie de crónicas co título de “*Aguafuertes gallegas*” (recollidas en libro por Edición do Castro en 1999), nas que Betanzos está moi presente e o Hotel Comercio citado directamente: “Cando me asomo ao balcón, case podería tocar coa punta dos dedos a torre de pedra da igrexa, de tres pisos, e un lindo reloxo que pola noite amosa a súa esfera iluminada.”

Javier Ferrín (coido que é un seudónimo) daba noticia nun evocador artigo, publicado en abril de 2000 en *Las Mariñas*, dunha *Guía Michelin de España y Portugal* correspondente ao ano 1931 na que o hotel Comercio aparece como aloxamento “modesto, pero bien instalado”. Nesa altura a habitación máis económica costaba catro pesetas, o menú con viño cinco pesetas con corenta céntimos e a pensión completa de oito pesetas con cincoenta céntimos a once pesetas. As noticias desa guía serían as que atraerían moitos forasteiros a este hotel.

Mais as noticias que eu personalmente atopei sobre este establecemento son do ano 1911 e non son nada afagadoras. Quizais fose un mal ano ou mal mes aquel outubro de 1911, ou a competencia era durísima, mais a xulgar polos papeis que tiven ocasión de consultar no arquivo municipal, referentes a ese establecemento e a ese ano, semella que


H. COMERCIO		Plaza Arines		
El dueño del mismo da parte al señor Jefe de Vigilancia, del movimiento de huéspedes ocurrido en el mismo durante las veinticuatro horas anteriores.				
NOMBRES Y APELLIDOS	EDAD	PROCEDENCIA	DIRECCIÓN	Tiene ó no cédula de vecindad
<i>Ninguno</i>				
Betanzos 8 de <i>Octubre</i> de 1911 El dueño, <i>J. López</i>				

Parte de movimiento de huéspedes do H. Comercio correspondente ao 8 de outubro de 1911, asinado polo dono, Juan López. AMB, Correspondencia de entrada, c. 139.

a súa vida —como a da cidade betanceira— transcorría tranquila e sen grandes apuros ou sobressaltos. Patéticos semellan mesmo eses catro días con un rotundo e desilusionante “Ninguno” a cruzar a folla onde deberían aparecer os clientes. Daquela o seu propietario ou rexente era aínda Juan López López, nativo do veciño concello de Bergondo.

A documentación citada concretase a unhas follas tipo co membrete do establecemento, o texto “El dueño del mismo da parte al señor Jefe de Vigilancia, del movimiento de huéspedes ocurrido en el mismo durante las veinticuatro horas anteriores.”, e os casilleiros para o nome e apelidos, idade, procedencia, enderezo e cédula de vecindade dos viaxeiros, datos que apenas se cobrían enteiramente. As follas rexistro de viaxeiros que non sei como foron dar ao arquivo municipal, catalogadas como “Correspondencia de entrada”, polo que se supón ían dirixidas ao Concello e quizais este as facía chegar ao “señor Jefe de Vigilancia”, só se referen ao mes de outubro de 1911 (incompleto, pois comezan no día 7 e rematan no 24) e van asinadas polo entón dono J. López.

Pois ben, e como curiosidade que a alguén interesará, este é o resume desa relación de viaxeiros que utilizaron os servizos do hotel Comercio neses días do mes de outubro de 1911:



H. COMERCIO
DE RAMÓN G. PERNAS
SUCESOR DE JUAN LÓPEZ

PLAZA DE GARCÍA NAVEIRA

TELÉFONO 19

Esta casa es la mejor, la más económica y mejor situada.
Buenas y amplias habitaciones. Servicio esmerado. No se dejen engañar, exijan esta casa y se convencerán

Día	hóspedes	procedencia
7	1	Coruña
8	0	-
9	2	Curtis e Sada
10	2	Coruña
11	2	Coruña
12	2	Coruña e Sada
13	4	Coruña
14	0	-
15	5	Coruña, Pontevedra, Lugo
16	1	Coruña
17	1	Coruña
18	3	Coruña e Lugo
19	0	-
20	2	Coruña
21	0	-
22	2	Ferrol e Lugo
23	3	Ferrol e Mondoñedo
24	1	Ferrol

O «Hotel Comercio» na «Plaza de García Naveira». Programa de Festas de S. Roque de 1923.

É dicir, en dezaioito días contabilizamos trinta e un hóspedes, que non procedían precisamente de lugares lonxanos. Aínda non dous por día. Un negocio ruinoso. Agardamos que, para ben de Johan Lopes (na grafía galega publicitaria e daquela aínda Juan López) e os seus, este mes de outubro (o único do que teño datos) fose unha excepción e que durante o resto do ano tivera que pendurar ás portas o carteliño de “Non hai habitacións”.



Publicidade do H. Comercio en Rexurdimento, 1922.

* * *

¿Qué foi o que pasou en Betanzos nese mes de outubro de 1911?

Nese momento publicábase na vila o semanario *La Aspiración*, o único periódico local existente nese momento e que se imprimía no obradoiro dos Sucesores de Castañeira. Subtítulábase “Periódico independente de esta localidade”, aínda que en realidade de independente tiña ben pouco, pois pasaba por ser o órgano oficioso do bando liberal que imponía as directrices políticas no Concello. Pois ben, facendo un seguimento á información que fornecía *La Aspiración*, vemos as noticias ou asuntos que preocupaban e ocupaban a vida dalgúns dos nosos paisanos de entón

Os traballos da vendima que trouxeran en faena aos colleiteiros a semana anterior xa debían estar rematados cando aparece o número do 1 de outubro. A colleita foi algo máis de mediana e os colleiteiros non estaban descontentos logo de superar condicións adversas na floración e unha praga de pulgón, máxime tendo en conta que o ano anterior a perda fora total. Interese espertaba a subasta ou poxa das obras que faltaban para o remate do camiño de ferro entre Betanzos e Ferrol. Quedan aínda dous anos para o remate das obras e a súa inauguración.

Un preso aragonés procesado por roubo de 50 pesetas das daquel tempo, fugábase da cadea trepando polo canalón de zinc da casa veciña, onde estaba o Colexio Brigantino. Cousas semellantes pasaban aínda non hai moito.

O Club X gañábase a domicilio por 2 a 6 ao Racing de Lugo en partido amistoso de “football”. Na crónica, que transcribe dun xornal lucense, chámasele Brigantino ao noso equipo, en lugar do enigmático X, que tamén podía aludir a Décimo, supoñendo que houbera nove equipos anteriores, que é moito supoñer.

As distinguidas señoras e señoritas da Asociación de la Buena Prensa (o de boa non se refería tanto a criterios de calidade como ideolóxicos de catolicismo rancio) preparaban os actos relixiosos da súa patrona a Virxe do Pilar.

Unha serie de artigos semanais (o autor escudábase nun misterioso ou modesto X) analizaba en tres entregas “La emigración y sus causas”, un andazo que despoboaba os campos galegos e mariñáns. Proba deste pulo emigratorio é o acuse de recibo do número catro de “nuestro simpático colega bonaerense Las Mariñas”, que editaban os betanceiros da capital arxentina.



*«O dono do Hotel Comercio e a súa familia xantando». Betanzos, 1926.
Fotografía de Ruth M. Anderson, publicada no catálogo editado polo
CGAI (Xunta de Galicia, 1998).*

No número do día 15 vemos a necrolóxica do xove médico D. Benjamín Álvarez Lorenzo. No do 22 fábase da elección de nova directiva no Liceo Recreativo, por cese da anterior.

A inminencia de eleccións municipais preocupaba aos do semanario e quizais non tanto ao resto da poboación. Entre os concelleiros aos que lles tocaba cesar, a metade, segundo o sistema electoral da época, estaban os socialistas Vidal e Miño. A este poñíano especialmente podre; sería que lles molestaba o alcumado como “Pablo Iglesias” brigantino. Os de La Aspiración tentaban, polo momento, amosar indiferencia e trataban a cousa en verso e prosa “serio-jocosa”:

*Como andamos de elecciones
de señores concejales,
por plazas y callejones
y por eses andurriales,
vense ya a los muñidores
o agentes electorales
pidiendo a los electores
que voten a sus parciales.*

Quen non os coñecera coidaría que eran ácratas. Segundo eles, no Concello só entraban dende había anos tres clases de concelleiros: os “pavo reales”, que ían por lucir levita en procisións e actos oficiais; os que ían beneficiarse do carguño, por aquilo de que “Quien sirve al común no sirve a ningún”, e os “pardillos”, que obedecían instrucións dos xefes políticos. Vendo o panorama, coidaban que

seguirían entrando as mesmas “calamidades” de sempre.

Namentres, na Casa Consistorial, o Concello presidido por Calixto Leis, debatía a obra da “casa-palacio” de Eduardo González García, xenro de don Juan García Naveira, na praza de Arines, ou sexa a coñecida como “Casa de dona Águeda”. O asunto conseguiu que a Corporación dese sinais de vida e tivo a “gran virtualidad de un electroimán” para moitos concelleiros que levaban tempo sen asistir. Estes acordan invertir o remanente do capítulo de arborado na compra e plantación de árbores no recheo do ferrocarril e na praciña do novo Matadoiro. E tamén invertir duascenas pesetas en butacas e outros mesteres para o teatro Alfonsetti.

A Fundación Asilo e Escolas García Hermanos enviaba (con retraso) as copias das actas das súas reunións. Os seus membros ou patronos eran: o indiano fundador Juan M. García, o crego Jesús Leiceaga, o tamén indiano Bernardo Carro, Joaquín López e Eduardo González, xenro de don Juan. Nunha sesión de agosto estiveran presentes o outro irmán fundador, Jesús García (en viaxe da Arxentina, quen morrerá ao ano seguinte en accidente de automóbil), e Valerio Núñez, en lugar dos citados Carro e López.

Entre os anunciantes, fixos en case todos os números, os productos de venda na botica de Fermín Couceiro: o polvo Coza, contra as borracheiras, e o elixir Alcodental, da Unión Alcohólica Española. Non sabemos se estaría contraídica unha cousa coa outra ou se alguén se colocaría ao pasarse cos enxaugues do elixir e logo tería que curarse cos polvos. Outro anunciante fixo era a Zapatería Brigantina de Domingo Tenreiro. De fondas e hoteliños nin rastro. ¡Claro que se non había clientes...!

Xa que novidades e movemento non había, os lectores do semanario podían distraer o tempo e agudizar o inxenio descifrando Charadas e seguir o folletín “La torre de los siete suelos. Tradición de Granada”, sen nome de autor. O folletín comezara no nº 380, correspondente ao 17 de decembro do ano anterior. ¡Levaba dez meses de colección! Claro que daquela non había folletíns televisivos nin radiofónicos e o dono do Hotel Comercio tempo tiña para a lectura. Polo menos aquel mes de outubro de 1911.